

A LUS DO MUNDO

TRALAS PEGADAS DE **DÍAZ CASTRO**

— Un proxecto de *IES Poeta Díaz Castro* —

UN NENO DE ALDEA

Ver mapa

0,5 Km — 150 min (con actividades)

Como chegar

Benvidos ó Vilariño dos Cregos, a aldea da Terra Chá onde naceu Díaz Castro. Neste roteiro analizamos o universo rural no que creceu o poeta, cos seus poemas e vivenzas neste lugar como fío conductor.

É un *roteiro guiado polo alumnado* do instituto con actividades en cada parada. Aquí compartimos os detalles, pero invitámosvos a que reservedes unha visita para vivir a experiencia connosco.

1. SOPA DE VERSOS



A benvida ó Vilariño é fronte á capela

Benvidos ó Vilariño dos Cregos. Esta é a aldea natal de Xosé María Díaz Castro e onde se conserva a súa casa familiar. Neste roteiro imos coñecer máis cousas sobre o mundo rural de hai un século no que creceu o poeta.

Comezamos a visita na capela do Vilariño. Foi construída en 1792 e aquí o neno Pepe, como chamaban a Díaz Castro de pequeno, foi monaguillo. Nesta parada faremos unha *sopa de versos*.

2. AS ÁRBORES DE DÍAZ CASTRO



A actividade realízase na aira dos Coira

Esta primeira parada propón unha inmersión no espazo natural no que naceu Díaz Castro. Na aira dos Coira atopamos árbores como carballos, teixos ou cipreses. Tamén froiteiras e especies foráneas como o eucalipto.

Atrevédesvos a identificar as árbores e de paso calcular a súa idade? Así saberemos se estaban aquí cando o poeta corría por estes camiños. Buscamos as árbores de Díaz Castro.

3. O CRIME DO VILARIÑO



O punto de partida da actividade é nesta aira apartada

Vilariño dos Cregos é unha aldea compacta e de poucas casas, pero un bo exemplo da arquitectura popular da Terra Chá. Para entender mellor esta arquitectura propoñémosvos resolver un crime, o crime dos sucos.

As pistas para resolver este crime recibiránse ó localizar diferenets elementos da arquitectura da aldea e responder a algunhas preguntas. Despois regresaremos ó puntod e partida para desvelar o resultado.

4. LES OU NON LES



A actividade faise diante da casa natal de Díaz Castro

Nesta casa naceu o poeta e foi onde aprendeu as primeiras letras xa que foi escola tres anos mentras se construía a da Conchada, nos Vilares. Era ademais unha casa de letras, con libros e xornais.

Por iso nesta parada do roteiro descubriremos que era unha escola de ferrado e compararemos a escola actual coa de hai cen anos. Algún descubrirá que se tivera nacera entón, non sabería ler. A actividade chámase **les ou non les**.

5. OS XOGOS DO NENO PEPE



Os xogos do neno Pepe fanse fronte á capela

No tempo de Díaz Castro (e na actualidade) a vida social e as festas do rural estaban moi ligada ós eventos relixiosos. Por iso as romaxes, ademais de ter un motivo relixioso son tamén unha ocasión para xantar e bailar, ou no caso dos nenos, xogar.

Naquela época os nenos divertíanse co que tiñan, pouco máis que a imaxinación. Así que imos xogar coma eles, relacionando algúns xogos tradicionais coas romaxes que Díaz Castro mencionaba no seus poemas. Son os xogos do neno Pepe.

6. AI VEN DÍAZ CASTRO!



Finalizamos o roteiro cunha marcha diazcastriana

Para despedir o roteiro volvemos a reunirnos fronte a capela para aprender uns versos de Díaz castro cantados: *Hai homes cheos de sombra / homes a contralus / que che fan ver a Deus / como un mar de lus.*

Antes da partida do grupo entrégaselle un roscó cun cuestionario sobre o poeta para que comprobén canto aprenderon sobre a vida no rural. Esta actividade chámase *Aí ven Díaz Castro!*